

Informe-memoria de xestión

da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL) no período interasemblemario 2014-2015

Na Asemblea Xeral Ordinaria da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL), que tivo lugar o 8 de marzo de 2014 en Santiago de Compostela, aprobáronse por unanimidade as liñas de acción da asociación para o período interasemblemario 2014-2015.

O cumprimento das accións aprobadas non foi total –xa que houbo varias que, por diversos motivos, non se puideron desenvolver–, mais, aínda así, valoramos como positivo e satisfactorio o traballo desenvolvido pola entidade neste período, xa que consideramos que, dentro das posibilidades e das limitacións humanas e de recursos económicos, a acción da CTNL foi axeitada, acorde cos estatutos e coa liña de traballo aprobada, e estivo no nivel de acción dos anos anteriores.

As liñas de acción aprobadas para o período interasemblemario contemplaban dous puntos xerais, nos que se organiza este informe para especificar as accións desenvolvidas: Accións para o cumprimento dos fins da asociación e Algúns obxectivos e accións organizativas.

Accións para o cumprimento dos fins da asociación

1. Defender os intereses xerais dos traballadores e das traballadoras de normalización lingüística de Galiza e da dignidade das condicións de traballo dos servizos lingüísticos. As accións máis salientables que se desenvolveron neste punto foron as seguintes:

- Fíxose seguimento e denuncia da política lingüística da Xunta de Galicia e dos continuos retrocesos executados pola SXPL, nomeadamente ante a deixazón de responsabilidades na colaboración, apoio e coordinación dos servizos de normalización lingüística e no desmantelamento da formación en galego para persoas adultas, co despedimento irregular do profesorado.
- Valorouse publicamente o proxecto de orzamentos da SXPL para 2014: «O desmantelamento do galego por parte da Xunta non cesa nos orzamentos. A Xunta reduce en máis do 70% os recursos dedicados á normalización». A valoración feita tivo bastante repercusión nos medios.

- Denunciouse a utilización de bolsas de formación para cubrir postos de traballo nos Lectorados de galego por parte da Xunta (maio de 2014): <http://ctnl.gal/web/notic.php?ide=1168>
- Difundiuse o comunicado «A CTNL ante a xestión da SXPL da Xunta cara ao desmantelamento do proceso de normalización lingüística» para denunciar o desmantelamento económico, técnico e humano do proceso de normalización lingüística por parte da SXPL (abril de 2014): <http://ctnl.gal/web/notic.php?ide=1161>
- Ofrecéuselle apoio e colaboración, na medida das posibilidades, á Asemblea de profesorado Celga, en canto á reclamación e denuncia dos dereitos laborais deste profesorado e da mellora da formación lingüística da poboación adulta.

2. Promover a formación continua no eido da normalización lingüística

Nas liñas de acción aprobadas figuraba a realización de dous ou tres cursos de organización directa, e finalmente convocáronse dous. Ademais, seguiu colaborando coa UdC no curso de verán de dinamización lingüística.

- **Curso de deseño e implementación de plans e accións de dinamización lingüística**
<http://ctnl.gal/web/notic.php?ide=1179>
 - Lugar: Facultade de Filoloxía da USC
 - Datas e horario: Venres 3, 10, 17, 24 e 31 de outubro de 2014, de 16.30 h a 20.30 h.
 - Duración: 25 horas (20 presenciais e 5 de traballo non presencial)
 - Participación: participaron no curso 14 persoas
 - Profesorado: Isabel Vaquero, Miguel R. Penas e Xaime Subiela
- **Obradoiro de creación de vídeos básicos para a normalización lingüística**
<http://ctnl.gal/web/notic.php?ide=1187>
 - Lugar: Facultade de Filoloxía da USC (semipresencial, con traballo con titorización a través da plataforma Edmodo e do correo electrónico)
 - Datas: sesións presenciais o 11 e 20 de novembro, e na plataforma Edmodo o 6, 13 e 25 de novembro
 - Duración: 16 horas (8 presenciais, repartidas en 2 sesións de 4 horas, e 8 en liña, en varias sesións)

- Participación: participaron no curso 10 persoas
- Profesorado: Roi Guitián e María Lobo (Ginko)
- **Colaboración no X Curso de verán sobre dinamización lingüística #traballandoenlingua «Para a transmisión interxeracional do galego**
<http://ctnl.gal/web/notic.php?ide=1166>
 - Carballo. 9, 10 e 11 de xullo de 2014
 - Participaron arredor de 70 persoas
 - Relatores/as: diversas conferencias, mesas redondas e grupos de traballo para a análise, debate e propostas de mellora na transmisión interxeracional do galego.
 - Valoración: a participación das persoas asistentes ao curso foi activa e a valoración feita tanto por estas como pola organización foi, en xeral, moi positiva. Do curso naceron algunhas propostas que se van efectivizar nos próximos meses, como pode ser o proxecto Apego (que executarán 12 concellos), o blog de recursos aliali.gal (desenvolvido pola empresa Fabaloba) ou diversas accións puntuais que se foron e irán desenvolvendo (obradoiros de xogos de dedos, obradoiros de nanas, etc.).

3. **Propostas para facer máis efectivo o traballo a prol da normalización da lingua e colaboración en accións para o fomento do galego.** As accións máis salientables que se desenvolveron neste punto foron as seguintes:

- Fíxose seguimento da política lingüística da Xunta e demais organismos e mantivéronse xuntanzas con diversas entidades, grupos políticos, etc., nas que se trasladaron propostas concretas para mellorar o proceso de normalización lingüística.
- Elaborouse e difundíuse unha proposta para que as deputacións se impliquen no proceso de normalización lingüística. Envióuselle ás catro deputacións e mantívose xuntanza para presentala coas da Coruña e Lugo (as de Ourense e Pontevedra nin sequera contestaron). A da Coruña comunicounos que non podía mellorar a contía económica que xa lle dedica á colaboración cos SNL (en 2015 é de 144.000 €) e a de Lugo comprometeuse a comezar unha liña de fomento e colaboración con estes (para a que en 2015 lle dedica nos seus orzamentos a contía de 100.000 €): <http://ctnl.gal/web/notic.php?ide=1178>
- Denunciouse a exclusión dos/as técnicos/as de normalización lingüística na avaliación do cumprimento da Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias (outubro de 2014): <http://ctnl.gal/web/notic.php?ide=1182>

- Participouse na actividade da plataforma Queremos Galego.

ESPAZOS DE COLABORACIÓN E ENCONTROS

- Colaboración cos **XVI Encontros para a normalización lingüística**
 - Colaboración nestes encontros organizados polo CDSG do Consello da Cultura Galega, que tiveron lugar o 24 e 25 de setembro no Pazo de Raxoi, en Santiago de Compostela. Participaron arredor de 50 persoas.

ACCÍONS DE FOMENTO DO GALEGO

- **Gústame o galego** (www.gustame.gal)

A campaña Gústame o galego, que comezamos en decembro de 2012, foi un auténtico éxito de acollida, visibilización, participación, difusión, etc.

Durante 2014 seguiuse a desenvolver en centros de ensino, facultades, espazos públicos, etc. (e incluso chegou a Barcelona), mediante a colaboración/contratación por parte de concellos, entidades varias, etc., aínda que cada vez cun ritmo menor. En 2015 está previsto programarlle o seu final.

Algúns datos actuais relevantes desta campaña son:

- Seguidores/as en Facebook: + de 15.100
- Persoas que sacaron unha foto: arredor de 76.000
- Sesións de fotocol realizadas: arredor de 75
- Alcance na rede: superou as 70.000 persoas en Facebook algunha semana
- Chapas repartidas: arredor de 8.000
- Algunha foto en FB foi compartida por unhas 1.000 persoas, algúns álbums vistos por máis de 20.000 e algunha entrada por máis de 85.000
- Á campaña concedéuselle o premio Xoán Manuel Pintos 2014, por parte do Concello de Pontevedra e a Rede de Entidades Amigas da Lingua (REAL).
- Á campaña naceulle unha irmá xemelga no País Valencià, co lema "M'agrada el valencià".
- Foi moi ben acollida por tod@s. Nela participaron institucións gobernadas por todas as organizacións políticas (concellos de todas as cores, Xunta, centros de ensino, entidades sen ánimo de lucro, etc.), asociacións de todo tipo, moita xente anónima, moita xente coñecida de diversos ámbitos ou, incluso, o Celta de Vigo, como club, e os seus xogadores e corpo técnico a nivel individual.

- Conseguiuse trasladar unha imaxe divertida e positiva do proceso de normalización lingüística, e conseguíuse que moita xente dese a cara pola lingua nesta campaña.

- **Agasallo.eu. Propostas de regalos en galego** (www.agasallo.eu)

A finais de 2013 púxose en marcha a plataforma dixital Agasallo.eu (www.agasallo.eu), para compilar e difundir propostas de regalos en galego de todo tipo, para todos os gustos e idades, etc., para dar a coñecer e visibilizar creacións de diverso tipo que usan a lingua galega e para incentivar que a xente teña en conta a lingua á hora de facer agasallos.

A plataforma tivo moi boa acollida inicial e, aínda que custou a implicación de empresas e entidades para participaren nela, pouco a pouco foi medrando o número de participantes e a cantidade e variedade de propostas que contén. Na actualidade son 24 as empresas e entidades participantes e a plataforma contén arredor de 200 propostas que se van actualizando.

En 2014 e 2015 xa se comezaron a facer, e seguiranse facendo, campañas publicitarias e de difusión puntuais para épocas especiais para agasallar, intentando vincular esas épocas co uso da lingua galega, e vinculándoas a Agasallo.eu:

- Nadal: desenvolveu campaña vinculada ao Apalpador, Papá Noel e Reis Magos, con anuncios en prensa, radio e en redes sociais. Tamén se editou un marcapáxinas-calendario, do que se distribuíron 5.000 exemplares no Culturgal e en colaboración con diversos SNL.
- Día d@s Namorad@s: desenvolveuse a campaña “Fain@ gozar coa lingua”, tamén con anuncios na prensa e en redes sociais <http://ctnl.gal/web/notic.php?ide=1190>
- Día de Rosalía: desenvolveu a campaña “#EuSonRosalía”, principalmente a través da rede <http://ctnl.gal/web/notic.php?ide=1192>
- Día do Pai.
- Día do Libro.
- Día da Nai.
- Días das Letras Galegas.

- **Como cho digo ;-)** Pola visibilización do galego na comunicación

En marzo de 2014 púxose en marcha a campaña Como cho digo ;-), nacida do Viveiro de propostas normalizadoras, e que procura a visibilización do uso do galego nos medios de comunicación. Pódese ver toda a información da campaña a través do web www.comochodigo.eu.

Desde que se puxo en marcha foron moitas as persoas (arredor de 500) e entidades (arredor de 100) que se sumaron, mais, aínda que o balance global da acción é positivo, foron moi poucos os actos de sinatura e visibilización que se desenvolveron (só un, o inicial, en Santiago, e outro local en Narón), e non houbo contacto directo cos medios para solicitarlles por parte da CTNL directamente o compromiso de visibilización do uso do galego.

- **Dominio propio .gal**

A CTNL foi unha das 93 entidades pioneiras en ter e utilizar o dominio galego na internet, o .gal, que comezou a funcionar en xullo de 2014. Ademais, colaborouse coa Asociación Puntogal na difusión do dominio.

<http://ctnl.gal/web/notic.php?ide=1177>

Accións organizativas e de comunicación

- Mantívose a cota dos/as socios/as como nos últimos anos, sen ningún incremento.
- Houbo no último ano descenso de socios, e a gran maioría das persoas que se deron de baixa da CTNL argumentaron motivos económicos e de falta de expectativas laborais no ámbito da lingua.
- Puxéronse en marcha grupos de traballo para o desenvolvemento de diversos proxectos a partir do Viveiro de propostas normalizadoras.
- Nas comisións e plataformas das que a CTNL forma parte fixéronse propostas en positivo na procura de conseguir que sexan o máis plurais e representativas posible, e que a través delas se lles dea voz, participación e protagonismo a persoas e entidades varias e de distinto ámbito e perfil a prol da normalización lingüística. Nestes momento a CTNL forma parte de:
 - Comisións Técnica do Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia (CDSG).
 - Comisión Cidadá de Normalización Lingüística do Concello de Vigo.
 - Plataforma Queremos Galego.
- Mantívose contacto permanente con diversas entidades e colectivos para o intercambio de visións, ideas, propostas, etc.
- Renovouse convenio de colaboración coa SXPL para o desenvolvemento de accións normalizadoras.
- Con respecto á **comunicación e visibilidade** da asociación:

- **Web:** mudouse o dominio do web e do correo-e de .org a .gal, e a CTNL foi unha das 93 entidades pioneiras en usar o dominio propio. Debido a cambio de servidor, houbo unhas semanas en que estivo o web sen actualizar. En xeral, mantívose no web un número de visitas aceptable, cunha media de 150 por día.
- **Boletín electrónico:** enviúselles a todos/as os/as socios/as o boletín electrónico da CTNL, cunha periodicidade variable, mais, de media, cada 15 días, aproximadamente.
- Mellorouse a presenza da CTNL nos **medios**, principalmente nos medios dixitais en galego (*Sermos Galiza, Praza Pública e Galicia Confidencial*), que recolleron, en xeral, a información que se lles trasladou sobre accións, campañas, posicionamentos, etc., e publicaron diversas entrevistas. Tamén foi relativamente satisfactoria a presenza en medios en papel, radio e televisión, que difundiron algunha información da CTNL e, sobre todo, publicaron información relativa ás campañas *Gústame o galego, Agasalho.eu* e *Como cho digo ;-)* (houbo información sobre elas en practicamente todos os medios en papel e información e entrevistas na Radio Galega, Radio Voz, Radiofusión, Ser, VTelevisión, Televisión de Galicia, etc.).
- Fortaleceuse a presenza nas **redes sociais**, tanto a través das páxinas e perfís propios da CTNL como das páxinas e perfís de accións e campañas concretas, como *Gústame o galego, Agasalho.eu* ou *Como cho digo ;-)*. Algunhas cifras das redes sociais:
 - Seguidores/as FB CTNL: 4.877 (+205)
 - Seguidores/as Twitter CTNL: 2.728 (+526)
 - Seguidores/as FB Agasalho.eu: 3.502 (+512)
 - Seguidores/as Twitter Agasalho.eu: 1.218 (+646)
 - Seguidores/as FB Gústame o galego: 15.163 (+2.117)
 - Seguidores/as Twitter Gústame o galego: 5.545 (+1.380)
 - Seguidores/as FB Como cho digo ;-): 4.209
 - Seguidores/as Twitter Como cho digo ;-): 1.426

Nel Vidal Barral
Presidente da CTNL

Santiago de Compostela, 25 de febreiro de 2015